

CANDO CAE O OUTONO

François Ozon, 2024

1425

ESTREA EN NUMAX: 13.12.2024 | V.O.S.E. | +12 | 103 min

Michelle, unha avoa en plena forma en todos os aspectos, vive unha xubilación tranquila nunha pequena vila da Borgoña, onde tamén reside Marie-Claude, a súa mellor amiga. O Día de Todos os Santos, a súa filla Valérie vén vela coa idea de deixarlle o seu neto Lucas durante a semana de vacacións escolares. Pero nada sucederá como estaba previsto.

«Ozon recupera o pulso dos seus mellores traballos para un ofrecer un libre e inquietante 'noir' rural»

Luis Martínez EL MUNDO



Entrevista con François Ozon: «Gústame o cinema amoral»

Por Fernando Bernal

Despois dun vodevil como *O meu crime* (2023) regresa ao drama intimista, sentía a necesidade de volver a este territorio menos lixeiro? O que sucede é que cando eu fago unha película, a seguinte vai á contra da precedente. Despois de facer unha produción bastante cara, precisaba volver a algo máis pequeno. *O meu crime* é unha película con moitos artificios, moi teatral, rodada case toda en estudos, e quería volver á natureza. E pensei en Borgoña, porque é unha rexión en Francia onde pasei moitos veráns durante a miña infancia.

O filme comeza apegado ao cotián e á natureza, pero axiña incorpora elementos de thriller. Unha transgresión dos xéneros que é un trazo identificativo do seu cinema. Gústame basearme en imaxes da vida diaria, imaxinarme un clixé, neste caso a avoíña perfecta. Unha muller que, como se di, iría ao paraíso sen ter que confesarse. Pero detrás das aparencias hai outras cousas moito máis sombrías e iso é o que quero mostrar. Detrás dunha aparente perfección hai algo retorto e moito máis monstruoso. Niso era xenial o escritor belga George Simenon, que mostra pequenas cidades onde todo é perfecto e, logo, detrás dos visillos atópase o horror.

É verdade que a película se emparenta coa literatura de Simenon, e no cinematográfico garda algunha relación con Claude Chabrol. Claro, porque Chabrol adaptou moito a Simenon [risas]. De feito, foi o que mellor o adaptou.

Na súa filmografía, en películas como *O amante dobre* (2017), a cuestión da identidade está moi presente, e é unha constante que agora se repite. Si, atráenme as aparencias. Non me parece que o ser humano sexa branco ou negro. Hai unha tendencia no cinema contemporáneo a simplificar as cousas, trátase dun cinema moral. E a min gústame o cinema amoral. Quero que o espectador se faga a súa propia idea, non teño por que dar leccións ao espectador. Neste caso, haberá persoas que xulguen ben e mal a protagonista, creo no libre albedrío. A vida é complicada, cada un temos varias identidades. Temos a identidade social, a aparencia, pero tamén está o que levamos dentro. É algo propio do ser humano.

No filme fala do tema da maternidade, pero tamén de novos modelos de familia, que se saen do canon, e que a película mostra como igual de válidos. É algo que está presente desde a miña primeira película, *Sitcom* (1998), onde había que matar o pai para crear unha nova familia. É realmente o mesmo. Demostrar que os lazos de sangue non son os máis fortes. Neste caso, a protagonista quere crear unha nova familia cunha relación menos tóxica que a que ten coa súa propia filla.

Como foi a elección das dúas protagonistas, Josiane Balasko e Hélène Vincent, dúas actrices que veñen de mundos moi distintos e sobre cuxa relación se sustenta gran parte do filme? Xa traballara con elas en *Grazas a deus* (2018), onde facían o papel de dúas nais vítimas do sacerdote. Agora interesábame moitísimo xuntalas, porque nesa película non tiñan escenas xuntas. Veñen dunha tradición francesa moi dispar. Josiane vén do teatro cómico, máis ben lixeiro. Mentres que Hélène vén dun teatro subvencionado estatal moito máis intelectualizado, dramático e serio. O curioso é que a química entre as dúas foi inmediata, xurdiu unha solidariedade feminina e iso foi xenial porque derrubou ese pensamento falso de que entre as mulleres existe rivalidade. Iso non é así en absoluto.